

**Número 2 - Ano 2024**

**ACTA**

**da sesión EXTRAORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día**

**18 de xaneiro de 2024**

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás dezasete horas do día dezaioito de xaneiro de dous mil vinte e catro; baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ENRIQUE ROZAS LÓPEZ; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica e Impulso Rural; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos; DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, para os efectos de proceder a elección de nova alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído o presidente.

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno en funcións, don Justo Díaz Rodríguez, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

## ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1459669906045478938.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 18-1-2024 (ELECCIÓN NOVA ALCALDESA)

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 15 de xaneiro de 2024 e notificada por secretaría aos membros da Corporación.

Aberto o acto, SR. PRESIDENTE, DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ sinala: Co motivo da renuncia do cargo de alcaldesa da cidade de dona Lara Méndez López na sesión plenaria de data 12.01.2024, vai procederse á elección de alcalde ou alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo conforme ao procedemento previsto no artigo 196 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral ao que dará lectura o Sr. Secretario.

SR. SECRETARIO XERAL DO PLENO: O artigo 196 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral establece o seguinte procedemento para a elección de alcalde ou alcaldesa:

*"Na mesma sesión de constitución da Corporación se procede á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:*

- a) Poden ser candidatos tódolos Concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.*
- b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.*
- c) Se ningún deles obtén a devandita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente Municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo.*

### Artículo 198

*Salvo en el supuesto regulado en el artículo anterior, la vacante en la Alcaldía se resuelve conforme a lo previsto en el artículo 196, considerándose a estos efectos que encabeza la lista en que figuraba el Alcalde el siguiente de la misma, a no ser que renuncie a la candidatura.*

Consta no expediente a renuncia de don Miguel Fernández Mendez, número dous da lista do PSG-PSOE, e por tanto cabeza de lista, a ser candidato a alcalde polo grupo municipal do PSG-PSOE, presentada en data 17.01.2024, polo que a seguinte concelleira da lista do PSG-PSOE é a número tres, dona Paula Mercedes Alvarellos Fondo, que será a cabeza de lista e poderá presentar a súa candidatura nesta sesión.

Así memo, consta no expediente a renuncia do cabeza de lista do grupo municipal BNG a presentar candidatura a alcalde presentada en data 15.01.2024

O SR. PRESIDENTE, DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Poderán presentar candidaturas á alcaldía aqueles concelleiros e concelleiras electos que encabecen algunha lista e non presentaran a súa renuncia, que deberán responder si ou non ao ser nomeados:

**-Dona María Elena Candia López**, polo partido Popular, acepta ser candidata á alcaldía nesta sesión plenaria?

MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Si, acepto.

**-Dona Paula Mercedes Alvarellos Fondo**, polo partido socialista de Galicia, PSOE, acepta ser candidata á alcaldía nesta sesión plenaria?

MARÍA PAULA MERCEDES ALVARELLOS FONDO: Si, acepto.

**- Dona Tareixa Antía Ferreira Tallón**, polo Bloque Nacionalista Galego, acepta ser candidata á alcaldía nesta sesión plenaria?

TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Non, non acepto.

SR. SECRETARIO XERAL DO PLENO: As candidatas proclamadas á elección de alcaldesa de Lugo son as dúas seguintes:

-Dona María Elena Candia López, polo partido Popular

-Dona Paula Mercedes Alvarellos Fondo, polo partido socialista de Galicia-PSOE.

O PRESIDENTE, DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Procédese a continuación á votación das candidatas presentadas a alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo polo sistema de votación secreta conforme establece o Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo. Para tal efecto, cada un de vostedes ten á súa disposición un sobre e unha papeleta en branco para que consignent nela, se é o caso, o nome e apelidos do candidato ou candidata ao que lle outorgan o seu voto cando sexan chamados polo Sr. secretario.

Polo tanto, agora teñen uns segundos para escribir os nomes e nun momento, pois o señor secretario comezará a nomealos comezando polo partido que máis votos obtivo nas últimas eleccións municipais, o Partido Popular.

SR. SECRETARIO XERAL DO PLENO:

-Dona María Elena Candia López

-Dona Cristina Sanz Arias

**ACTAS E GOBERNO**

JDR/jch

Refº: ispac1459669906045478938.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 18-1-2024 (ELECCIÓN NOVA ALCALDESA)

- Don Enrique Rozas López
- Don Antonio Ameijide Osorio
- Don Javier Vázquez Prado
- Dona Flora Rubinos Rois
- Dona Silvia Comenero Guzman
- Don Ramon Manuel Cabarcos Rodríguez
- Don Agustín Gallego Vigo
- Dona Aurora Aida Goas Castro
- Don Gustavo Enrique Díaz Rey
- Dona María del Mar Carballas Piñeiro
- Dona Lara Méndez López
- Don Miguel Fernández Méndez
- Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo
- Don Mauricio Vitorio Repetto Morbán
- Dona Ana María González Abelleira
- Don Jorge Bustos Atanasio
- Dona Olga López Racamonde
- Don Angel Pablo Permuy Villanueva
- Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- Don Alexandre Penas Roibás
- Dona María Cristina López Fernández
- Don Felipe Rivas Jorge.
- Don Rubén Arroxó Fernández

***A continuación procédese ao o reconto de votos. O Sr. Presidente saca da urna, unha a unha, as papeletas e vainas lendo en voz alta.***

Rematado o reconto, O SR. PRESIDENTE, DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, anuncia os resultados da votación segundo o seguinte:

- Candidatura de dona María Elena Candia López, polo partido Popular: 12 votos.

- Candidatura de dona Paula Mercedes Alvarellos Fondo, polo partido socialista de Galicia-PSOE: 13 votos.

Tendo obtido a candidatura presentada por dona Paula Mercedes Alvarellos Fondo 13 votos, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da corporación, queda proclamada alcaldesa-presidenta do Excmo Concello de Lugo DONA PAULA MERCEDES ALVARELLOS FONDO.

Parabéns!

Agora a alcaldesa-presidenta electa debe prometer ou xurar o cargo para o que foi elexida segundo esixe o artigo 40.2 do regulamento de organización e funcionamento das Corporacións Locais:

*“Quen resulte proclamado Alcalde tomará posesión ante o Pleno da Corporación, de acordo coa forma xeral establecida para a toma de posesión dos cargos públicos”*

DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: *Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Lugo con lealtade a EL REY e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do estado*

O SR. PRESIDENTE, DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: De acordo co disposto na Lei dámoslle posesión do cargo de alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Lugo facéndolle entrega do bastón de mando.

**Entrega o bastón a alcaldesa saínte dona Lara Méndez López.**

A continuación a alcaldesa presidenta, DONA MARCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, pasa a presidir a sesión e sinala:

Estimados concelleiros e concelleiras desta Corporación,  
Estimados representantes institucionais e representantes do noso tecido social e asociativo lucense.  
Estimados medios de comunicación,  
Queridos veciños e veciñas, amigos e amigas, e Querida Familia.

O que sinto nestes momentos, na miña toma de posesión como alcaldesa de Lugo, podería describilo como unha enorme gratitude hacia todos e todas vós.

Gratidade ao meu partido, que me viu como a persoa idónea para continuar coa folla de ruta definida dende o ano 2015.

## ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1459669906045478938.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 18-1-2024 (ELECCIÓN NOVA ALCALDESA)

Sei que non resultou sinxelo, elixir sempre é complexo, debe facerse con tacto, con cautela, dialogando; só se se actúa deste xeito eses pequenos desencontros - porque non dicilo: tan humáns- esvaeceranse, serán resoltos, deixando ao seu paso máis unión entre as persoas, máis coñecemento do equipo e incluso máis coñecemento dun mesmo.

Gratidade aos meu compañeiros, aos concelleiros e concelleiras cos que teño o inmenso placer de traballar. Como mostra de cariño permitídemme pronunciar os seus nomes: Mauricio, Olga, Pablo, Jorge, Ana, ...; e, permitídemme tamén incidir na persoa de Miguel: Grazas Miguel pola túa xenerosidade.

Gratidade á miña antecesora, Lara, por moitas razóns, por moitos momentos, por moitos acertos, polos teus consellos, incluso polas túas reprimendas. De ti, Lara, quédome coa túa capacidade á hora de tender pontes, de escoitar sempre de maneira activa, da túa valentía reivindicando un posicionamento de Lugo á mesma altura que outras grandes capitais galegas como Santiago de Compostela, A Coruña ou Vigo.

Sí, Lara! Grazas porque soubeches non fraquear nos momentos máis duros como os anos que pasamos de pandemia, porque co tempo convertícheste en referente non só para as mulleres da túa xeración, tamén para as máis novas, esas que senten necesidade, coma ti e coma min, de derribar muros entre homes e mulleres. De traballar, de amar, de desfrutar nos mesmos parámetros que os homes.

Todas as grandes personalidades deixan unha longa sombra cando se van. Lara, sei que a túa non me restará independencia, arroupárame nos momentos difíciles. A túa sombra é ben recibida.

Gratidade aos socios de goberno pola súa discreción, polo seu respaldo.

Gratidade aos empregados públicos, un colectivo imprescindible, sostén da vida local e pilar fundamental para poder chegar ata aquí, que nos axudará agora a materializar con éxito todos estes proxectos. Conto con todos e todas vós.

Gratidade á oposición. Neste acto quero tamén agradecer a esa figura tan necesaria para as democracias plenas, das que me sinto firme defensora desde que estudiei a carreira de Dereito. Unha oposición que me obriga a permanecer atenta, a dar máis de min, que me fortalece.

Gratidade á miña familia, ao meu marido, compañeiro, confidente, a persoa que me presentou e ensinou a amar a esta fermosa cidade, que en moitas ocasións foi o meu paño de bágoas, convertíndose en impulso para non desfalecer. Á miña filla, da que me sinto tremendamente orgullosa. Sei que como nai non te defraudei; espero, cariño, non facelo como alcaldesa. Aos meus irmáns, que sempre están aí e a María Teresa, a miña segunda nai.

Pero esta toma de posesión como alcaldesa non quero que unicamente sexa recordada polos agradecementos.

Gustaríame que servise tamén para mandar unha mensaxe á cidadanía de Lugo, aos seus empresarios e empresarias, ás asociacións e fundacións que compoñen o tan necesario terceiro sector de Lugo e tamén ao resto de estamentos e administracións que, como capital de provincia, temos asentadas no noso territorio: Deputación Provincial de Lugo, Subdelegación de Goberno e Delegación Territorial da Xunta de Galicia.

A miña mensaxe é moi simple á vez que sincera: Dende hoxe todas as miñas accións estarán impulsadas pola razón, pola lealdade institucional, polas necesidades sociais, pola tan necesaria cooperación; nunca me moverei por caprichos ou por intereses ilexítimos.

A política consiste fundamentalmente en construír, en mellorar a vida para mellorar a convivencia entre nós. Ese é o seu verdadeiro cometido.

Iso é facer política. E o que se aparte dese camiño, caerá no antagonismo político que conleva crispación e frentismo. E eu, tédeo claro, rexeitareino sempre. Eu quero facer política con maiúsculas.

Esa que emerxe amparada na confianza e ten como razón principal ofrecer respostas e solucións, antes que calquera outra consideración ou pretensión particular ou de grupo.

A iso me comprometo, a defender os intereses das e dos lucenses e a impedir e combater, con honestidade, que nos convertan en reféns políticos.

Hoxe inicio unha nova andadura, avanzo, sen deixar atrás a concelleira que fun, para exercer como alcaldesa da cidade de Lugo, e iso conleva establecer algunhas liñas que xa estaban establecidas e nas que me reafirmo:

- FACILITAR, AXILIZAR e MODERNIZAR o Concello de Lugo, avaliando e simplificando o seu funcionamento para favorecer e mellorar a relación coa cidadanía.
- DEFENDER AS POLÍTICAS SOCIAIS e o estado do benestar, como compromiso irrenunciable que tamén forma parte dos valores do meu partido, vivindo o Concello como a expresión colectiva dos dereitos sociais.
- ATENDER o URXENTE e o IMPORTANTE, xestionando as estratexias en marcha e deseñando as novas en cumprimento dos obxectivos da Axenda Urbana 2030 e do Plan de Acción Local.

## ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac1459669906045478938.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 18-1-2024 (ELECCIÓN NOVA ALCALDESA)

- RECLAMAR O CUMPRIMENTO DAS DÉBEDAS HISTÓRICAS que se perpetúan en Lugo. Non renunciaremos ás infraestruturas, ferroviarias e por estrada que redundan na nosa competitividade, nin minguaremos as nosas pretensións de incrementar os cocientes de vivenda protexida, de avanzar en prestacións sanitarias e educativas, de frear o despoboamento e o abandono do rural, de dispoñer dunha zona pública de baño ou de construír o Museo da Romanización.

Hoxe Lugo ten un presente, definido en 24 anos de mandatos socialistas, no que todas as persoas teñen cabida, sen importar de onde proceden, do seu xénero, a súa idade ou a súa identidade. Hoxe Lugo é unha localidade acolledora, comfortable, solidaria e chea de oportunidades.

Pero temos case catro anos por diante nos que queremos seguir crescendo como municipio, como referentes de sostibilidade urbana e loita proactiva contra a emerxencia climática, como precursores do impulso e a recuperación económica, apoiándonos nas nosas potencialidades. Para difundir a nosa excelencia e riqueza patrimonial e afianzarnos como cidade moderna, innovadora e sustentable que ofrece unha gran calidade de vida.

Somos unha cidade bimilenaria, cuxas orixes falan de resistencia, de capacidade de adaptación, de convivencia e entendemento. E a ese legado co que se forxou a nosa identidade me remito para rematar esta intervención facendo alusión á nosa historia, á miña formación como avogada e ás miñas propias conviccións sobre o exercicio do servizo público. Xa que da Roma e da Grecia clásicas emana tamén a nosa herdanza política, os principios que a día de hoxe seguen sendo esenciais nas democracias europeas. E dos que quero destacar dous conceptos:

- A Potestas: entendida como o conxunto de poderes, neste caso competencias, entregadas polo pobo aos seus gobernantes e a facultade para desenvolvelas. E nós, como alcaldesa e concelleiros e concelleiras, debemos ter sempre presente que fomos elixidos para incrementar servizos e infraestruturas e facilitar a vida das e dos veciños.

- Pero sobre todo, a Dignitas: o poder moral –e imprescindible– baseado no conxunto de valores éticos que lexitimam o prestixio de quen ostenta esas competencias e cuxo recoñecemento xorde co desempeño dese traballo político ao que me comprometo, como ata de agora, a exercer infatigablemente con honradez, con rigorosidade, dende a proximidade e a escoita activa para que a miña xestión á fronte do Concello teña os mellores resultados para Lugo e as e os lucenses.

Moitas grazas!

**E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as dezasete horas e trinta e cinco minutos do**



**expresado día dezaeito de xaneiro de dous mil vinte e catro, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas. De todo o cal, eu, don Justo Díaz Rodríguez, secretario xeral do Pleno accidental, dou fe.**